

O SERGAS DEIXA SEN SOLDADO ÁS MULLERES EMBARAZADAS DAS LISTAS DE CONTRATACIÓN

CIG-Saúde denuncia o abuso e mal uso que están a facer as distintas Xerencias dos “contratos administrativos” nas mulleres embarazadas.

Esta medida aprobouse, previa solicitude de CIG-Saúde, para garantir que as mulleres das listas de contratación embarazadas en situación de IT e/ ou en permiso de maternidade **non perderan servizos prestados.**

Na actualidade, as Xerencias utilizan estes “contratos administrativos” **para todo**, de tal maneira que cando unha embarazada cesa nun contrato formalízanlle un “contrato administrativo” sen comprobar se está percibindo algunha prestación do INSS, quedando nalgúns casos sen salario.

CIG-Saúde leva meses solicitando do SERGAS un protocolo **específico** de xestión da contratación para as mulleres embarazadas que regule cando se fan contratos administrativos e cando non.

Ser muller embarazada nas listas de contratación non pode prexudicarnos!!

Na defensa dos
teus dereitos

